



UNHA VIAXE AO INTERIOR DA TERRA

QUE É UN XEOPARQUE AUSPICIADO POLA UNESCO?

- Un **Xeoparque** é unha figura recoñecida pola UNESCO que pon en valor o **singular patrimonio xeolóxico dun territorio**.
- Ademais de **notables recursos xeolóxicos**, os xeoparques son lugares de grande riqueza etnográfica, ecolóxica e cultural nos que é posible desenvolver proxectos educativos e de promoción turística dos seus recursos naturais.
- Daquela, a creación e funcionamento dun Xeoparque debe ter como alicerces básicos o patrimonio xeolóxico, a xeoconservación e o desenvolvemento local.
- Esta distinción xurde tralas experiencias de promoción dos valores xeolóxicos xeradas en Europa dende comezos da década dos 90, sendo España un dos catro países pioneiros nesta iniciativa.

AS POSIBILIDADES DO CABO ORTEGAL COMO XEOPARQUE


- O **Complexo de Cabo Ortegal** é un referente na xeoloxía española e europea.
- A grande cantidade de publicacións científicas que existen da zona poñen de manifesto o seu alto interese en xeoloxía, xeomorfoloxía, edafoloxía, bioloxía ou arqueoloxía, mais tamén noutros ámbitos coma o histórico, cultural, deportivo ou gastronómico.
- O territorio do **Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal** abarca sete concellos: **Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, San Sadurniño, Ortigueira e Valdoviño**, daquela a catalogación de Xeoparque serviría de motor socioe-

conómico da zona, incrementando ao mesmo tempo o coñecemento e potencial turístico de Galicia.

- A **UNESCO** valora especialmente o desenvolvemento do **turismo científico**, o xeoturismo, a **conservación do medio natural** e a colaboración co resto de membros da **Rede Europea e global de Xeoparques**.
- Unha das primeiras iniciativas didáctico-turísticas, vinculadas ao **turismo científico**, son as xeorutas ou roteiros xeolóxicos dentro do territorio do parque, establecéndose un total de **19 rutas xeolóxicas** que discorren por aqueles **lugares con maior valor xeolóxico**.

COÑEZAMOS UN POUCO DA SÚA HISTORIA XEOLÓXICA

- O **Complexo de Cabo Ortegal** está constituído principalmente por **materiais alóctonos**, emprazados nun lugar distinto ao que se orixinaron. Visitar esta zona é facer unha **viaxe ao interior da Terra**. Hai poucos lugares no mundo que teñan o privilexio de amosar as rochas desta maneira.



- A súa xénese comezou hai uns 490 millóns de anos, no Cámbrico Superior, coa formación do Océano Rheico, separando Laurusia de Gondwana, que colisionarían máis tarde por mor da Oroxenia Varisca dando lugar a unha grande cordilleira montañosa de máis de 3.000 quilómetros e montañas de 8.000 metros. Como resultado desta colisión orixinouse **Panxea**, un único continente.

- Así é que na actualidade temos ante nós os vestixios desa colosal cordilleira que mesmo arrastrou materiais que formaban parte do antigo océano Codia Oceánica e do Manto Terrestre, presente a máis de 70 quilómetros de profundidade.
- Daquela, esa singularidade litolóxica vese representada por salientables afloramentos de ecloxitas e piroxenitas, considerados coma os maiores a nivel mundial. Existe tamén unha presenza destacada de rochas ultramáficas e distintos tipos de granulitas.
- Este conxunto litolóxico, tan anómalo na superficie terrestre, fai desta zona un **referente a nivel científico e divulgativo**.

A BIODIVERSIDADE DO TERRITORIO

- O territorio que forma parte do **Proxecto Xeoparque do Cabo Ortegal** presenta un amplo número e variedade de hábitats de grande riqueza animal e vexetal.
- Son varias as **Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)** coma as que se atopan dentro da **Rede Natura 2000**, os **ZEC de Costa Ártabra, Ortigueira-Mera, Xubia-Castro e Estaca de Bares**, e os **ZEPa de Ría de Ortigueira e Ladrído e Costa de Ferrolterra-Valdoviño**.



- Destacando tamén as zonas **RAMSAR** da **Lagoa e areal de Valdoviño** e a **Ría de Ortigueira e Ladrído**. Este conxunto de lugares con especial protección engaden, se cabe, maior valor ambiental ao proxecto.
- Toda a zona presenta unha grande **riqueza florística**, sendo a **Serra da Capelada** a que presenta unhas especiais condicións que orixinan a presenza de distintos hábitats, nos que



Espasante



Litoral de Loiba



Roqueiro solitario

abundan especies pouco comúns ou endemismos locais coma as *Angelica pachycarpa*, *Centaurea borjae*, *Crepis novoana*, *Linaria aguillonensis* ou *paxariños amarelos*, *Erica mackaiana*, *Erodium maritimum* ou *agullíñas*, *Rumex gallaecicus* ou *azedeira*, *Rumex rupestris* ou *labaza das areas*, *Leucanthemum pluriflorum* ou *margarida salvaxe*, e *Dryopteris guanchica* ou *fento*.

- Existe tamén un catálogo **faunístico** moi amplo no que destacan as aves, especialmente nos hábitats presentes nas rías ao cons-

tituír zonas de invernación e paso migratorio, constituíndo así, uns dos mellores lugares de Europa para o seu estudo. Son habituais a gaviota patiamarela, e en menor número, a chova piquiroja, o paiño común, o roqueiro solitario ou o cormorán moruño.

- As turbeiras e brañas representan hábitats moi fráxiles nos que podemos observar un bo número de anfibios e insectos. É salientable tamén a presenza dunha ampla variedade de mustélicos nos ecosistemas dentro da superficie do parque xeolóxico.



Paiños

PROXECTO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL
Zona de interese xeolóxico
CONCELLOS DE Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, San Sadurniño, Ortigueira e Valdoviño



LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO (LIX)

Segundo un estudo realizado recentemente, existen ao menos 52 lugares de interese xeolóxico (LIX), pero os máis salientables dende o punto de turístico e didáctico son os seguintes:

1. Punta Frouxeira-O Portiño

Presenza de lousas na contorna do Faro de Meirás e de granodioritas, semellantes aos granitos, na península do Portiño. No contacto entre ámbalas dúas rochas achamos unha mineralización de arsenopirita, fonte de arsénico, explotada a comezos do século pasado.

2. Complexo dunar da Frouxeira

Ampla variedade de dunas, activas, subrecentes, remontantes e fósiles, así coma grandes dunas móbiles con morfoloxía en media lúa.

3. Lagoa de Valdoviño

Orixinada nun pequeno golfo que se foi pechando como consecuencia do crecemento dunha barra litoral areosa. Desauga de forma intermitente no mar e o seu nivel de colmatación é bastante avanzado. Ten unha profundidade máxima de 2 metros.

4. Falla de Valdoviño

Importante estrutura xeolóxica de máis de 150 quilómetros de lonxitude que separa Galicia en dous: a Galicia occidental ou granítica con predominancia de rochas ígneas e a Galicia oriental ou xistosa con rochas metamórficas orixinadas a partir de sedimentos.

5. Esteiro río das Mestas

De notable importancia, na praia de Vilarrube, pode apreciarse a parede vertical dun antigo cantil, agora ocupado polo cordón dunar. Presenza ademais dunha gran chaira de mareas.

6. Racamonde

Na zona alta da Serra do Forgoselo, constituída por granitos de dúas micas, son moi habituais os bolos e penas cabaleiras. Tamén se poden atopar acanaladuras, pías ou taffonis pola acción da auga na superficie dos granitos.

7. Val do río Castro

Magnífico exemplo de val fluvial orixinado partir dunha falla. Frecuentemente os ríos aproveitan puntos de debilidade no terreo para encaixonarse. Actualmente é unha falla inactiva, aínda que tivo bastante actividade no Cenozoico.

8. Canteiras de Toelo

Moeche, San Sadurniño concentran un gran número de canteiras de serpentinitas, coñecidas como toelo. Rochas ornamentais empregadas na elaboración de elementos arquitectónicos relixiosos coma cruceiros ou esculturas, ou en obra civil.

9. Mina Piquito

Derradeira mina de cobre na bisbarra do Ortegaleira. Fonda pero horizontal que vai seguindo unha mineralización de piritas rica en cobre, e de calcopirita.

10. Mina da Barqueira

Grupo mineiro de ao menos 4 bocaminas diferentes aproveitando distintos niveis de sulfuros masivos de ferro, cobre e cinc, orixinados no fondo dun antigo



océano hai uns 380 millóns de anos. Salientable a cheminea de mampostería, de 8m. de altura, pertencente á época inglesa do 1850.

11. Punta Candieira

Gran variedade de rochas, moitas delas con abundantes pregues, na que destacan os gneises, de cores máis claras e orixinados a partir de sedimentos, e as anfibolitas, de cores máis escuras e resultado da deformación sobre rochas que constituían a codia oceánica.

12. Chao do Monte

É especialmente salientable o aspecto caprichoso que presentan as rochas peridotitas e serpentinitas desta parte da serra, coñecido co nome de karst serpentínico. Rochas que de forma habitual constitúen unha parte do interior do noso planeta, concretamente do Manto.

13. Penedo Edroso

Na contorna deste miradoiro atópanse granulitas, rochas de cores grises intensamente bandeadas e deformadas que posúen un alto contido en granates. Orixináronse a partir de materiais que se achaban na codia continental dun antigo arco illa volcánico, semellante ao actual Xapón.

14. Santo André de Teixido

Este núcleo de poboación aséntase sobre uns materiais brandos e inestables que foron orixinados a partir de pequenas masas glaciais que existiron na zona hai menos de 20.000 anos.

15. Litoral de Teixidelo

Presenza destacable dun antigo val glaciar, con morfoloxía en U, que pon de manifesto que os xeos da última glaciación deixaron a súa pegada nesta



zona da Serra da Capelada. Son totalmente singulares as praias de area negra non volcánicas, únicas a nivel mundial.

16. Falla de Teixidelo

Estrutura xeolóxica de menos de 300 millóns de anos que corta esta serra en dous, ao norte, peridotitas e piroxenitas, e o sur, granulitas e anfibolitas. Na actualidade esta falla está rechea de seixo, identificable polo crestón branco que corta a estrada que leva a Cariño.

17. Macizo de Herbeira

Un dos afloramentos máis importantes de piroxenitas do noso planeta, no que ademais se poden atopar salientables mineralizacións de cromo e platino, investigadas a comezos do século pasado. Presenta o conxunto de cantís máis altos da Europa continental.

18. Macizo do Limo

Representa unha das zonas máis virxes da Capelada. Rica en peridotitas que adquiren unhas morfoloxías moi singulares resultado da intensa erosión á que son sometidas. Os cantís do Limo teñen menor altitude que os de Herbeira, no entanto, son máis verticais.

19. Punta dos Agullóns

A emblemática punta dos Agullóns, onde se unen o océano Atlántico e o mar Cantábrico constitúe o lugar máis axeitado para coñecer ás ecloxitas, rochas orixinadas a grandes presións e moi escasas na superficie da Terra.

20. Praia de Fornos

Excepcional exemplo de praia con areas granatíferas, presentando unha coloración moi pouco habitual. O contraste de cores é maior no inverno, no verán a praia contén unha maior proporción de area branca.

21. Monte da Miranda

Miradoiro natural sobre a Ría de Ortigueira que permite observar os distintos elementos xeomorfolóxicos que constituíen a ría. Forma parte do excelente afloramento da banda de ecloxitas, considerado como o maior a nivel mundial deste tipo de rochas.

22. Ría de Ortigueira

Espazo natural cun amplo abanico de elementos xeomorfolóxicos litorais entre os que destacan a illa de San Vicente e o seu tómbolo, visible só en baixamar, a praia de Morouzos co complexo dunar e as chairas mareais de Ladrado e Sismundi coas súas correspondentes canles mareais.

23. Espasante

Presenza de rochas volcánicas submariñas, especialmente na praia da Concha, e identificables pola súa típica tonalidade verdosa. Na praia de San Antón atópase un pregue métrico de serpentinitas e mármores xunto con anfibolitas e gneises.

24. Litoral de Loiba

Ao longo deste litoral son habituais os arcos rochosos en lousas e cuarcitas, en Pena Furada, e en metavulcanitas no Coitelo, que alternan cun grande número de illotes e praias tanto de areas como de cantos.

25. Costa Xuncos

Bo afloramento de antigas rochas volcánicas moi ácidas. Na actualidade estas rochas atópanse transformadas noutras, as metavulcanitas, aínda que amosan evidencias desa orixe volcánica na súa estrutura e textura.

26. Serra da Coriscada

Pode verse o contacto entre as lousas negras, e os gneises da formación "Ollo de Sapo" cos característicos cristais azulados de seixo. Este lugar representa un miradoiro natural da Serra da Capelada e da Ría de Ortigueira.

PLANO DE SITUACIÓN

